

Benvidos ao Instituto do Tempo: IES Eusebio da Guarda!



En febreiro de 2024, os entusiastas membros do Club de Ciencias da ESO emprenden unha emocionante aventura coa actividade titulada "A chave máxica do tempo". Esta actividade multidisciplinar foi deseñada coa finalidade de promover actividades científico-tecnolóxicas, explorar o valor cultural do noso centro, fomentar a curiosidade polo desenvolvemento de habilidades en programación móbil, a resolución de enigmas lóxico-matemáticos e mesmo de química.

A premisa central da actividade era a existencia dunha enigmática chave máxica, escondida dentro do noso venerable edificio, que permitía viaxar no tempo. Para activar esta chave, os estudantes, guiados por unha aplicación móbil como unha gymkana, tiveron que buscar pistas en diferentes partes do edificio e resolver unha serie de retos.

Percorreron o edificio en busca de sinais agochados, explorando lugares emblemáticos como a galería de animais disecados ou a aula amoblada con mobles e libros de épocas pasadas.

Os retos non só requirían habilidades tecnolóxicas, senón tamén habilidades de orientación, matemáticas e química. O alumnado enfrontouse a crebacabezas lóxico-matemáticos, así como a experimentos de química para transformar a auga nunha cor concreta e descubrir a chave máxica que abriría as portas do tempo.

Ademais, os participantes tiveron a oportunidade única de relacionarse con ilustres "alumnos do pasado", como o espírito de Pablo Picasso, quen lles aportou pistas e sabedoría dende tempos antigos. Grazas á intelixencia artificial aparece o espírito de Pablo Picasso, unha vez que lle sacas unha foto a pomba da praza de Pontevedra.

Porén, o momento máis emocionante chegou cando o alumnado cruza o a porta do pasado e atopa unha vella carta dos estudantes de hai máis de 100 anos. Nela instábanse a loitar polos seus soños, a ser curiosos, a descubrir as súas paixóns e a dedicar a súa vida a aquilo que lles inspire e faga brillar. Esta revelación engadiu unha capa extra de significado e motivación á experiencia.



En resumo, "A chave máxica do tempo" non foi só unha actividade divertida e emocionante, senón tamén unha experiencia educativa enriquecedora que integrou de forma innovadora diferentes áreas de coñecemento e valores fundamentais como a curiosidade, a perseveranza, o traballo en equipo e a inspiración.

Grazas ao alumnado por querer implicarse na realización de actividades científicas e tecnolóxicas!

Vídeo resumo da actividade: <https://youtu.be/WGEUCI0zwH8>

